CORPO SUPERIOR DA ADMINISTRACIÓN
GRUPO A – ACCESO LIBRE

1º EXERCICIO

1.- Os órganos da Administración autora dun acto, segundo o art. 20 da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso Administrativa:

a) Poden interpoñer un recurso contencioso-administrativo, contra o devandito acto, en calquera caso.
b) Non poden, en ningun caso, interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o devandito acto.
c) Poden interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o devandito acto sempre que unha lei o autorice expresamente.
d) Poden interpoñer recurso contencioso-administrativo contra o devandito acto sempre que o órgano que o interpoña non sexa autor do acto.

2.- Cando a Administración non executa os seus actos firmes, os afectados, segundo o art. 29.2 da Lei 29/1998, poderán solicitar a súa execución e formular recurso contencioso-admisnistrativo, que se tramitará polo procedemento abreviado regulado no art.78 de tal lei, se a devandita execución non se produce no prazo de:

a) Quince días dende a petición.
b) Un mes dende a petición.
c) Tres meses dende a petición.
d) Seis meses dende a petición.

3.- Cando o recurso contencioso-administrativo tivese por obxecto disposicións non susceptibles de impugnación, a sentenza, conforme ao disposto polo art. 69 da Lei 29/1998:

a) Declarará a desestimación do recurso.
b) Declarará a inadmisibilidade do recurso.
c) Poderá declarar a desestimación ou a inadmisibilidade do recurso.
d) Non se pronunciará.

4.- De conformidade co artigo 73 da Constitución, as Cámaras reuniranse anualmente en dous períodos ordinarios de sesións:

a) O primeiro de setembro a decembro, e o segundo de xaneiro a xuño.
b) O primeiro de setembro a decembro, e o segundo de febreiro a xuño.
c) O primeiro de xaneiro a xuño, e o segundo de setembro a decembro.
d) O primeiro de febreiro a xuño, e o segundo de setembro a decembro.

5.- De conformidade co artigo 123 da Constitución, o Presidente do Tribunal Supremo será nomeado:

a) Por El-Rei, a proposta do Congreso dos Deputados, na forma que determine a lei.
b) Por El-Rei, a proposta do Consejo General del Poder Judicial, na forma que determine a lei.
c) Por El-Rei, a proposta do Presidente do Goberno, na forma que determine a lei.
d) Por El-Rei, a proposta do Ministerio Fiscal, na forma que determine a lei.

6.- De conformidade co artigo 69.4 da Constitución, as poboacións de Ceuta e Melilla elixirán:

a) Cada unha delas dous Senadores.
b) Cada unha delas tres Senadores.
c) Cada unha delas catro Senadores.
d) Cada unha delas un Senador.

7.- Conforme ao art. 46.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, ¿as copias dos documentos públicos gozan da mesma validez e eficacia que estes?

a) Si, sempre que exista constancia de que son auténticas.
b) Si, en todo caso.
c) Nos casos en que así o estableza unha norma con rango de Lei.
d) Non.

8.- Contra o acordo que declare a aplicación da tramitación de urxencia ao procedemento, poderá interpoñerse, conforme ao art. 50.2 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común:

a) Recurso de alzada.
b) Recurso de reposición.
c) Recurso extraordinario de revisión.
d) Non caberá recurso ningún.

9.- Dacordo co art. 79 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, os interesados poderán aducir alegacións e achegar documentos ou outros elementos de xuízo:

a) En calquera momento do procedemento.
b) En calquera momento do procedemento, anterior ao trámite de audiencia.
c) Antes de que o órgano competente dite a proposta de resolución.
d) Nun momento posterior ao trámite de audiencia e antes de que o órgano competente dite a resolución.

10.- O artigo 25 da lei 3/1985 de Patrimonio de Galicia, regula a competencia para acordar o alleamento de bens e dereitos de bens inmuebles, correspondendolle a mesma cando o valor destes bens excedan de 12.020.000,00 euros a:

a) Ao Consello da Xunta , a proposta da Consellería de Economia e Facenda.
b) Á Consellería de Economia e Facenda, oída a Consellería que viña dispoñendo dos bens a allear.
c) Ó Parlamento de Galicia mediante lei.
d) Estos bens non se poden allear.

11.- Segundo o art. 7.1 da lei 3/1985 de Patrimonio de Galicia, o exercicio da función demanial sobre o patrimonio da comunidade correspóndelle:

a) Á Consellería de Economía e Facenda exclusivamente.
b) Ó Consello da Xunta oida a conselleria de Economia e Facenda.
c) Á Consellería de Economia e Facenda, salvo no caso de estar atribuída ó Parlamento ou a Xunta.
d) Á Consellería de Economia e Facenda, a Consellería que teña adscrito o respectivo ben, o Parlamento e a Xunta.

12.- Segundo o artigo 15 da lei 33/2003 de Patrimonio das administracións Públicas, son modos de adquirir os bens e dereitos:

a) A herdanza, legado, doazon , prescripción e a ocupación.
b) Por atribución da lei, a adquisición a titulo oneroso mediante o exercicio ou non da potestade expropiatoria.
c) a) e b)
d) a) e b) salvo a ocupación que non é un dos modos previstos de adquisición por parte das administracións públicas.

13.- Segundo o art. 79.3 da Lei 29/1998 da Xurisdicción Contencioso Administrativa, o prazo para interpoñer o recurso de súplica, que se contará dende o día seguinte ao da notificación da resolución impugnada, é de:

a) Tres dias.
b) Catro dias.
c) Cinco dias.
d) Seis dias.

14.- Segundo o art. 85.1 da Lei 29/1998, o prazo para interpoñer o recurso de apelacion é de:

a) Dez dias.
b) Quince dias.
c) Vinte dias.
d) Un mes.

15.- Contra os autos de inadmisión do recurso de casación a que se refire o art. 93 de Lei 29/1998:

a) Caberá recurso de súplica.
b) Caberá recurso de apelación.
c) Caberá recurso de casación.
d) Non caberá recurso algún.

16.- De conformidade co establecido no artigo 87 da Constitución non procederá a iniciativa popular para a presentación de proposicións de lei:

a) En materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter internacional, nin no relativo á prerrogativa de gracia
b) En materias de carácter internacional, leis orgánicas e de bases, e de Orzamentos Xerais do Estado
c) En materias propias de lei orgánica, tributarias ou de carácter interncional, nin no relativa á reforma constitucional
d) Ningunha resposta é correcta

17.- De conformidade co establecido no artigo 86 da Constitución, os Decretos-Lei deberán ser inmediatamente sometidos a debate e votación de totalidade ao Congreso dos Deputados, convocado ao efecto se non estivera reunido, no prazo dos:

a) 20 días seguintes á súa promulgación
b) 15 días seguintes á súa promulgación
c) 30 días seguintes á súa promulgación
d) 5 días seguintes á súa promulgación

18.- De conformidade co artigo 115 da Constitución:

a) O Presidente do Goberno, previa deliberación do Consejo de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá propoñer a disolución do Congreso, do Senado ou das Cortes Xerais, que será decretada polo rei.
b) O Presidente do Goberno, previa deliberación do Consejo de Ministros, e baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Congreso, o Senado ou as Cortes Xerais.
c) O Presidente do Goberno, baixo a súa exclusiva responsabilidade, poderá disolver o Congreso, o Senado ou as Cortes Xerais, previo informe do Consejo de Estado.
d) O Presidente do Congreso dos Deputados poderá solicitar ao Presidente do Goberno a disolución das Cortes Xerais.

19.- Segundo o artigo 6 da lei 33/2003 de Patrimonio das administracións Públicas (LPAP), a xestión e administración de bens e dereitos demaniais axustarase entre outros os seguintes principios:

a) Alienabilidade, inembargabilidade e imprescriptibilidade.
b) Eficacia e rendabilidade na explotación destes bens e dereitos.
c) Dedicación preferente ó uso común frente ó uso privativo.
d) a) e c)

20.- O inventario patrimonial das Comunidades Autónomas, das entidades de dereito público vinculadas ou dependentes a elas, segundo o artigo 32.4 da lei 32/2003 do patrimonio das administracións públicas , incluirá ó menos:

a) Os bens inmobles, bens mobles e os dereitos reais , sobre os mesmos.
b) Os bens inmobles e os dereitos reais sobre os mesmos.
c) Os bens inmobles.
d) Ningunha resposta é correcta.

21.- Segundo o artigo 30 da Lei organica 2/1982 do Tribunal de Cuentas a designación dos consejeros de cuentas do devandito tribunal polas Cortes Generales será a seguinte:

a) Cinco polo Congreso e cinco polo Senado, por un periodo de nove anos.
b) Seis polo congreso e seis polo Senado por un periodo de nove anos, renovables por outro periodo de tres anos.
c) Catro polo Congreso e catro polo Senado, mediante votación por maioria de tres quintos de cada unha das cámaras.
d) Seis polo Congreso e seis polo Senado por un período de 9 anos.

22.- A tramitación dos recursos de amparo xudicial das liberdades e dereitos, previstos no art. 53.2 da Constitución segundo o art. 114.3 da Lei 29/1998, da Xurisdicción Contencioso Administrativa:

a) Terá carácter preferente.
b) Terá carácter preferente nos casos en que unha lei o decida expresamente.
c) Terá carácter preferente sempre que asi o decida o órgano xurisdicional ante o que se interpón, á vista do interese público que leve consigo.
d) Nunca terá carácter preferente.

23.- Segundo o art. 121.1 da Lei 29/1998, nun recurso de amparo xudicial das liberdades e dereitos previstos no art.53.2 da Constitución, conclusas as actuacións, o órgano xurisdicional ditará sentenza no prazo de:

a) Cinco dias.
b) Sete dias.
c) Dez dias.
d) Quince dias.

24.- Segundo o art. 32 do Tratado da Unión Europea, ¿que órgano é o encargado de establecer as condicións e límites conforme aos cales as autoridades competentes referidas nos artigos 30 e 31 (Europol e Eurojust) poderán actuar no territorio doutro Estado membro?

a) O Parlamento.
b) A Comisión.
c) O Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas.
d) O Consello Europeo.

25.- Dacordo co art. 25 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, ¿Cal das seguintes funcións non corresponde ao secretario dun órgano colexiado?

a) Preparar o despacho dos asuntos, redactar e autorizar as actas das sesións.
b) Visar e custodiar as actas das sesións do órgano.
c) Expedir certificacións das consultas, ditames e acordos aprobados.
d) Recibir os actos de comunicación dos membros co órgano.

26. - Conforme ao art.56 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, os actos das Administracións Públicas suxeitos ao Dereito administrativo serán executivos:

a) En todo caso.
b) Cando así o prevéxan os propios actos.
c) Conforme ao disposto na Lei 30 / 92.
d) Cando a súa natureza o permita.

27.- Segundo o art. 70.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, cando se trate de procedementos que impliquen a resolución numerosa dunha serie de procedementos, as Administracións Públicas:

a) Poderán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes.
b) Poderán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes se a norma a aplicar o permite.
c) Deberán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes.
d) Deberán establecer modelos e sistemas normalizados de solicitudes se a norma a aplicar o permite.

28.- Sinale a resposta correcta, de conformidade co artigo 37 da Lei de Contratos do Sector Público:

a) O prazo para interpoñer o recurso especial en materia de contratación será de dez días naturais, contados a partir do seguinte a aquel en que se notifique ou publique o acto impugnado.
b) Contra a resolución do recurso especial en materia de contratación procederá a interposición de recurso potestativo de reposición ou a interposición de recurso contencioso-administrativo.
c) No caso en que o procedemento de adxudicación se tramite pola vía de urxencia, o prazo para a interposición do recurso especial en materia de contratación será de seis días hábiles.
d) Salvo determinación expresa en contrario, a competencia para resolver o recurso especial en materia de contratación entenderase delegada conxuntamente coa competencia para contratar.

29.- De conformidade co artigo 140 da Lei de contratos do Sector Público, os contratos que celebren as Administracións Públicas deberán formalizarse:

a) No prazo de 30 días hábiles.
b) No prazo de 30 días naturais.
c) En documento administrativo.
d) En documento público.

30.- De conformidade co artigo 99 da Lei de contratos do sector público, os pregos de cláusulas administrativas particulares deberán aprobarse:

a) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir ésta, antes da súa adxudicación provisional.
b) Previamente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir ésta, antes da súa adxudicación definitiva.
c) Posteriormente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir ésta, antes da súa adxudicación definitiva.
d) Posteriormente á autorización do gasto ou conxuntamente con ela, e sempre antes da licitación do contrato, ou de non existir ésta, antes da súa adxudicación provisional.

31.- Os conflictos que se suscitan sobre competencias e atribucións do Tribunal de Cuentas seran resoltos segun o artigo 8 da Lei organica 2/1982, por:

a) As Cortes Generales.
b) O Congreso dos Diputados ou no seu caso pola Asamblea lexislativa da comunidade autónoma afectada.
c) O Tribunal Constitucional.
d) O Tribunal Supremo.

32.- Segundo o artigo 14.1 da Lei organica 2/1982, no exercizo da función fiscalizadora, o Tribunal de Cuentas:

a) Propondrá medidas a adoptar, no seu caso, para a mellora da xestión economica financeira do sector público.
b) Referirase ó sometemento da actividade económica financeira do sector público o principio de eficacia.
c) Exercerá a súa función exclusivamente en relación coa execución dos programas de gastos.
d) Ningunha resposta é correcta.

33- Dacordo co artigo 11 da Lei Orgánica 8/1980, de 22 de setembro, de Financiación das Comunidades Autónmas (LOFCA), ¿qué afirmación e correcta?:

a) O Imposto sobre o Valor Engadido pode ser cedido parcialmente ás Comunidades Autonomas co límite máximo do 33%
b) O Imposto sobre o a Renda das Persoas Fisicas pode ser cedido parcialmente ás Comunidades Autonomas co límite máximo do 35%
c) O Imposto Especial sobre Determinados Medios de Transporte pode ser cedido parcialmente ás Comunidades Autonomas co límite do 35%
d) O Imposto sobre as Ventas Minoristas de determinados Hodrocarburos pode ser cedido as Comunidades Autonomas.

34.- Segundo o art. 214 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea a aprobación da designación do Presidente da Comisión deberase facer por:

a) Os estados membros de común acordo.
b) O Parlamento Europeo.
c) O Consello.
d) As contestacións anteriores son incorrectas.

35.- Segundo o art. 48 do Tratado da Unión Europea, ¿ quen está lexitimado para presentar ao Consello proxectos de revisión dos Tratados sobre os que se funda a Unión?

a) O Parlamento.
b) O Goberno de calquera Estado membro, ou a Comisión.
c) A Comisión.
d) Todos os anteriores.

36.- Segundo o art. 247 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, os membros do Tribunal de Contas serán nomeados por:

a) O Parlamento Europeo.
b) O Consello.
c) A Comision.
d) Un período de tres anos.

37.- De conformidade co artigo 83 da Lei de contratos do sector público, en relación coa garantía definitiva:

a) Os que resulten adxudicatarios provisionais dos contratos que celebren as Administracións Públicas deberán constituir a disposición do órgano de contratación unha garantía do 5% do importe de adxudicación, excluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
b) Os que resulten adxudicatarios definitivos dos contratos que celebren as Administracións Públicas deberán constituir a disposición do órgano de contratación unha garantía do 5% do importe de adxudicación, incluído o Imposto sobre o Valor Engadido.
c) Nos contratos de concesión de obras públicas, atendidas as circunstancias concurrentes no contrato, o órgano de contratación poderá eximir ao adxudicatario da obriga de constituir a garantía definitiva.
d) Cando a contía do contrato se determine en función de prezos unitarios, o importe da garantía fixarase atendendo ao importe de adxudicación .

38.- De conformidade co artigo 145 da Lei de contratos do Sector público, no procedemento aberto, cando o único criterio a considerar para seleccionar ao adxudicatario do contrato sexa o prezo, a adxudicación provisional deberá recaer no prazo máximo de:

a) 20 días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.
b) 15 días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.
c) 10 días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.
d) 5 días a contar dende o seguinte ao da apertura das proposicións.

39.- De conformidade co artigo 279 da Lei de contratos do Sector Público, os contratos para a defensa xurídica e xudicial da Administración:

a) Terán unha duración máxima de 6 anos, incluídas as prórrogas.
b) Terán unha duración máxima de 4 anos, incluídas as prórrogas.
c) Terán a duración precisa para atender axeitadamente as súas necesidades.
d) Terán unha duración indefinida.

40.- Conforme ao art. 26 da Lei 1/83, ao Presidente da Xunta, para a dirección e coordinación das actividades da Xunta correspóndelle:

a) Propoñer para a súa aprobación polo consello a estruturación e organización das distintas Consellerías.
b) Asegurar a coordinación entre as distintas Consellerías.
c) Exercer a potestade regulamentaria.
d) Ningunha das anteriores.

41.- De acordo co art. 45.1 da Lei 1/83, o Parlamento pode esixir a responsabilidade política da Xunta e o seu Presidente mediante:

a) A adopción por maioría de dous terzos da moción de censura.
b) A adopción por maioría simple da moción de confianza.
c) A adopción por maioría absoluta da moción de confianza.
d) A adopción por maioría absoluta da moción de censura.

42.- Segundo o art. 48 da Lei 1/83, a Xunta solicitará anualmente do Parlamento:

a) A celebración dun debate de política xeral.
b) Durante o período de sesións, a celebración dun debate de política xeral.
c) Ao comezo dun dos períodos ordinarios de sesións, a celebración dun debate de política xeral.
d) A celebración dun debate de política autonómica.

43.- Conforme o artigo 14.2 da LOFCA, respecto das operacións de crédito a realizar polas Comunidades Autonomas por prazo superior a un ano, ¿que afirmación é correcta?:

a) Polo menos o 50% dos créditos deberían ser destinados á realización de gastos de investimento.
b) O importe total das anualidades de amortización, por capital e intereses, non deben exceder do 25% dos gastos correntes da Comunidade Autónoma.
c) O importe total das anualidades de amortización, por capital e intereses non deben exceder do 25% dos ingresos correntes da Comunidade Autónoma.
d) Ningunha das anteriores e correcta.

44.- De acordo co artigo 2 da LOFCA, a actividade financeira das Comunidades Autónomas exercerase en coordinación coa Facenda do Estado de acordo, entre outros co seguinte e/ou seguintes principios:

a) Solidaridade.
b) Suficiencia.
c) Lealdade institucional.
d) Todas as anteriores.

45.- Segundo o artigo 14 da Lei Orgánica 2/1979 do Tribunal Constitucional, o tribunal en Pleno pode adoptar acordos cando estén presentes:

a) Ao menos, a maioría simple dos membros que en cada momento o compoñan.
b) Ao menos, 3/5 partes dos membros que en cada momento o compoñan.
c) Ao menos, 2/3 partes dos membros que en cada momento o compoñan.
d) Ningunha das respostas anteriores é correcta.

46.- O Tratado da Unión Europea asinouse en Maastricht en data de:

a) 15 de marzo de 1991.
b) 7 de febreiro de 1992.
c) 15 de marzo de 1992.
d) 7 de febreiro de 1991.

47.- Sinalar cales dos seguintes criterios non se atopan recollidos no art. 27 do Tratado Constitutivo da Comunidade Europea, de entre aqueles polos que se guiará a Comisión para o cumprimento das funcións que lle son atribuídas no capítulo referido á Union Aduaneira e incluído no Título de libre circulación de mercadorías:

a) A necesidade de promover os intercambios comerciais entre os Estados membros e terceiros países.
b) As necesidades de abastecemento da Comunidade de produtos elaborados.
c) A necesidade de evitar perturbacións graves na vida económica dos estados membros e garantir un desenvolvemento racional da produción e unha expansión do consumo na Comunidade.
d) A evolución das condicións de competencia dentro da Comunidade, na medida en que a devandita evolución teña por efecto o incremento da capacidade competitiva das empresas.

48.- Segundo o art. 22 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ¿ que número mínimo de deputados ten que ter cada Grupo Parlamentario?:

a) 3
b) 6
c) 8
d) 5

49.- O artigo 55 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que os concellos galegos remitiranlles os datos dos seus respectivos padróns:

a) Ao Instituto Nacional de Estatística.
b) Ao Instituto Galego de Estatística.
c) Ao Instituto Nacional de Estatística e ao Instituto Galego de Estadística.
d) Ao Instituto Nacional de Estadística, ao Instituto Galego de Estadística e á Consellería competente en materia de réxime local.

50.- O artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia sinala como atribución do alcalde:

a) Exercitar acción xudiciais e administrativas en caso de urxencia.
b) Aprobar o cadro de persoal.
c) Alterar a cualificación xurídica dos bens de dominio público.
d) Aceptar a delegación de competencias feita por outras Administracións públicas.

51.- O artigo 66 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia establece que a Comisión Especial de Contas do municipio:

a) Estará constituída polo alcalde e un número de concelleiros non superior ao terzo do número legal deles.
b) Estará constituída polos membros dos distintos grupos políticos da Corporación.
c) Estará constituída polo alcalde e un mínimo de cinco concelleiros.
d) Estará constituída polo alcalde e un número de concelleiros non superior a un quinto do número legal deles.

52.- Segundo o art. 5.a) do Decreto 92/1991, de 20 marzo, polo que se aproba o Regulamento de situacións administrativas dos Funcionarios da Administración de Galicia, os funcionarios públicos pasarán á situación de servizos especiais:

a) Para a realización das tarefas especiais que non estean asignadas especificamente aos postos incluídos nas relacións de postos de traballo.
b) Para participar en tempo non superior a seis meses en misións de cooperación internacional ao servizo de organismos internacionais entidades ou gobernos estranxeiros.
c) Cando sexan autorizados para realizar unha misión por período superior a seis meses en organismos internacionais, gobernos ou entidades públicas estranxeiras ou en programas de cooperación internacional.
d) Para o desempeño temporal dun posto de traballo dos incluídos nas relacións de postos de traballo adscritos aos funcionarios comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 4/1988, do 26 de maio.

53.- De acordo co art. 7.1.b) do Decreto 92/1991, do 20 de marzo, transcorrido o tempo ou desaparecida a causa que motivou a concesión da excedencia voluntaria, deberá solicitarse o reingreso ao servizo activo ou o pase á situación de excedencia voluntaria por interese particular:

a) No prazo de 20 días.
b) No prazo de 30 días.
c) No prazo de 10 días.
d) No prazo de 20 días hábiles.

54.- Conforme ao art. 10.1 e 2 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de provisión de postos de traballo e promoción dos funcionarios de Galicia, nos concursos deberán valorarse os méritos axeitados ás características dos postos ofrecidos, así como a posesión dun determinado grao persoal, a valoración do traballo desenvolvido, os de cursos de formación e perfeccionamento superados, o nivel de coñecemento da lingua galega e a antigüidade. A puntuación de cada un dos conceptos enunciados nos apartados anteriores non poderá exceder, en ningún caso:

a) Del 40% da puntuación máxima total nin ser inferior ao 10% desta.
b) Del 40% da puntuación máxima total.
c) Del 10% da puntuación máxima total.
d) Del 50% da puntuación máxima total nin ser inferior ao 10% desta.

55- Segundo o artigo 43 da Lei Orgánica 2/1979 do Tribunal Constitucional o prazo para interpoñer o recurso de amparo, a partir da notificación da resolución xudicial recaida no proceso xudicial previo é de:

a) 30 dias.
b) 20 dias.
c) 1 mes.
d) 2 meses.

56.- Segundo o artigo 46 da Lei Organica 2/1979, do Tribunal Constitucional, están lexitimados para interpoñer o recurso de amparo constitucional, entre outros:

a) O Defensor del Pueblo.
b) O Ministerio Fiscal
c) O Goberno do Estado.
d) a) e b) .

57.- Segundo o artigo 77.4 do Texto refundido da Lei do réxime financeiro e orzamentario de Galicia (DL 1/1999, de 7 de outubro), os perceptores de cantidades libradas a xustificar quedarán obrigados a xustificar as cantidades recibidas no prazo de:

a) 3 meses.
b) 2 meses.
c) 1 meses.
d) O indicado para cada caso concreto.

58.- Segundo o art. 31 da Lei de Prevención de riscos laborais 31/1995 do 8 de novembro, ¿que criterios se teñen en conta para considerar que os Servizos de Prevención son suficientes e axeitados ás actividades preventivas a desenvolver? :

a) Tamaño da empresa, tipo de riscos e distribución destes na empresa.
b) Tamaño da empresa, número de traballadores e distribución destes na empresa.
c) Tamaño da empresa, número de traballadores e actividades que desenvolve.
d) Número de traballadores, tipo de riscos e actividades que desenvolve.

59.- O Comité de Seguridade e Saúde constituído no ámbito dos órganos de representación previstos na Lei de Órganos de Representación do Persoal ao Servizo das Administracións Públicas a que se refire o art. 34 da Lei de Prevención de riscos laborais 31/1995 do 8 de novembro estará integrado por:

a) Representantes das organizacións empresariais e sindicais máis representativas e da Administración Xeral do Estado.
b) Representante de cada unha das Comunidades Autónomas, da Administración Xeral do Estado e das organizacións empresariais e sindicais máis representativas.
c) Polos Delegados de Prevención designados no devandito ámbito, e por representantes da Administración.
d) Polos Delegados de Prevención designados no devandito ámbito, tanto para o persoal con relación de carácter administrativo ou estatutario coma para o persoal laboral.

60.- ¿Como define o art. 38 da Lei de Prevención de riscos laborais 31/1995 do 8 de novembro aos Comités de Seguridade e Saúde?:

a) Como a máxima autoridade dentro da empresa en materia de prevención de riscos.
b) Como órgano paritario e colexiado de participación destinado á consulta das actuacións da empresa en materia de prevención de riscos.
c) Como órgano de carácter administrativo que exerce a potestade sancionadora en materia de prevención de riscos.
d) Como órgano paritario e colexiado responsable da prevención de riscos dentro da empresa que actúa baixo a supervisión do empresario.

61.- O artigo 4 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia establece que, salvo o establecido para o suposto das vacantes, as conselleiras e conselleiros electivos exercerán o seu mandato por un período de:

a) Catro anos, renovable unha sóa vez.
b) Seis anos, renovable unha sóa vez.
c) Doce anos, renovable unha sóa vez.
d) Cinco anos, renovable unha sóa vez.

62.- O artigo 14 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia sinala que o Consello Consultivo de Galicia elevará anualmente unha memoria de actividades:

a) Ao Consello da Xunta.
b) Ao presidente da Xunta.
c) A todas as Consellerías.
d) Ao Consello de Contas.

63.- De conformidade co artigo 11 da Lei 9/1995, do 10 de novembro, do Consello Consultivo de Galicia, no suposto de proxectos de reforma do Estatuto de Autonomía de Galicia, o Consello Consultivo de Galicia:

a) Será consultado facultativamente.
b) Será consultado preceptivamente.
c) Emitirá un dictame.
d) Ningunha resposta é correcta.

64.- De conformidade co art. 28.1 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario de persoal funcionario de Galicia, a resolución que poña fin ao procedemento disciplinario deberá adoptarse no prazo de:

a) Un mes, salvo no caso da separación do servizo.
b) Tres meses, salvo no caso da separación do servizo.
c) Dez días, salvo no caso da separación do servizo.
d) Trinta días, salvo no caso da separación do servizo.

65.- Segundo o art. 28.3 do Decreto 94/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de réxime disciplinario de persoal funcionario de Galicia, o prazo máximo no que deberá ditarse e se notificar a resolución non poderá exceder de:

a) Seis meses dende a data do acordo de iniciación.
b) Tres meses dende a data do acordo de iniciación.
c) Seis meses.
d) Ningunha das anteriores respostas é a correcta.

66.- Conforme ao art. 6.1 do Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración de Galicia, as convocatorias, xunto coas súas bases, publicaranse no «Diario Oficial de Galicia», de acordo coa oferta de emprego público e:

a) Dentro do trimestre seguinte ao da aprobación da Lei de presupostos.
b) Dentro do mes seguinte ao da aprobación da Lei de presupostos.
c) No prazo dun mes dende a aprobación da Lei de presupostos.
d) No prazo de trinta días dende a aprobación da Lei de presupostos.

67.- Segundo o artigo 37.1 do Decreto Lexislativo 1/1999, as operacións de crédito realizadas pola comunidade autónoma de Galicia ou os seus organismos autónomos, terán que ser autorizados :

a) Polo conselleiro de Economia e Facenda.
b) Polo Consello da Xunta , a proposta do conselleiro de Economia e Facenda.
c) Polo Parlamento.
d) Ningunha das anteriores.

68.- Os anticipos de tesourería regulados no artigo 63 do Decreto Lexislativo 1/1999, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Réxime Financeiro e Orzamentario de Galicia, terán como límite:

a) O 2% dos créditos autorizados pola lei de Orzamentos.
b) O 2% dos créditos vixentes no orzamento.
c) O 3% dos créditos vixentes no orzamento.
d) O 1% dos gastos correntes en bens e servicios vixente.

69.- Segundo o artigo 64.1.g) do Decreto Lexislativo 1/1999, ¿cómo se denomina a modificación orzamentaria necesaria para poñer a disposición dunha consellería os créditos correspondentes a outra, cando a execución corresponda a unha delas e a contia se module pola achegas doutras consellerías, logo da retención de crédito correspondentes nos estados de gastos afectados:

a) Transferencia de crédito.
b) Xeración de crédito.
c) Ampliación de crédito.
d) Incorporación de crédito.

70.- Segundo o art. 36 da Lei de Prevención de riscos laborais 31/1995 do 8 de novembro, é competencia dos Delegados de Prevención :

a) Promover e fomentar a cooperación dos traballadores na execución da normativa sobre prevención de riscos laborais.
b) Ser consultados polo empresario, con carácter previo á súa execución, acerca das decisións a que se refire o artigo 33 da presente Lei.
c) Exercer un labor de vixilancia e control sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
d) Todas as anteriores son correctas .

71.- Segundo o art. 39 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, ¿que candidaturas están obrigadas a ter un Administrador electoral?:

a) As que se presenten en máis dunha circunscrición.
b) Todas as candidaturas.
c) As que se presenten en todas as circunscricións.
d) As que se presenten na maioría das circunscricións.

72.- Segundo o art. 30 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, ¿ quen é o órgano competente para a aprobación do modelo oficial das papaletas electorais correspondentes a cada circunscrición ?

a) A Xunta de Galicia.
b) A Xunta Electoral de Galicia.
c) As Xuntas Electorais Provinciais.
d) O Parlamento de Galicia.

73.- Segundo o artigo 67.1.a) da Lei 6/1997, de 14 de abril de organización e funcionamento da Administración Xeral do Estado, a organización dos Ministerios determinarase mediante Real Decreto do Consejo de Ministros a proposta do:

a) Ministro de Administracións Públicas, nos supostos de creación dunha Subsecretaría.
b) Ministro da Presidencia, nos supostos de modificación dunha Subsecretaría.
c) Ministro do Departamento correspondente, nos supostos de supresión dunha Subsecretaría.
d) Tódalas anteriores son correctas.

74.- Segundo a Disposición Adicional 12ª.1 da Lei 6/1997, as sociedades mercantís estatais rexeranse, salvo nas materias en que lles sexan de aplicación a normativa orzamentaria contable, patrimonial, de control financeiro e contratación:

a) Integramente polo ordenamento xurídico privado.
b) Integramente polo ordenamento xurídico público.
c) Integramente polo ordenamento xurídico privado se se trata de Sociedades Limitadas.
d) Parcialmente polo ordenamento xurídico privado calquera que sexa a súa forma xurídica.

75.- Segundo o artigo 47.3 da lei 6/1997, poderase establecer excepcionalmente peculiaridades do réxime de persoal dun Organismo Autónomo en materia de acceso:

a) O sistema de acceso será o establecido no Estatuto Básico do Empregado Público.
b) O sistema de acceso non poderá modificarse.
c) Sí, se a lei de creación do Organismo Autónomo o establece.
d) Non, por ser materia reservada á lei xeral.

76.- A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia dispón no seu artigo 16 que a Marca Galega de Excelencia en Igualdade é un distintivo a través do que a Xunta de Galicia lles dá recoñecemento:

a) A aquelas empresas que destaquen na aplicación das políticas de igualdade.
b) A aquelas empresas que implanten un plan de igualdade.
c) A aquelas empresas que desenvolvan políticas de igualdade.
d) A aquelas empresas que destaquen na eliminación da discriminación por razón de sexo.

77.- A Lei 2/2007, do 28 de marzo, do traballo en igualdade das mulleres de Galicia establece no seu artigo 23 a composición da Comisión Consultiva Autonómica para a Igualdade entre Mulleres e Homes na Negociación Colectiva, e sinala que nesa Comisión haberá en representación das organizacións sindicais máis representativas con implantación en Galicia:

a) Unha persoa.
b) Dúas persoas.
c) Tres persoas.
d) Catro persoas.

78.- Según o artigo 17 da Lei orgánica 3/1980, de 22 de abril, do Consejo de Estado, a ponencia nos asuntos en que deba de entender o Consejo en Pleno:

a) Corresponderá ao Presidente.
b) Corresponderá ao secretario xeral.
c) Corresponderá a un dos conselleiros electivos.
d) Corresponderá á Comisión Permanente ou á Comisión de Estudios, atendendo ás súas respectivas competencias.

79.- Conforme ao art. 4 do IV Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia, con carácter previo, solicitará informe aos delegados de persoal ou comité de empresa respectivo, e, no seu caso, do Comité intercentros, cando se acorde a amortización de prazas vacantes. Tal informe deberá ser emitido no prazo máximo de:

a) Dez días.
b) Quince días.
c) Vinte días.
d) Un mes.

80.- Segundo o art. 7.4.a) do IV Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, a adscrición temporal de persoal laboral terá unha duración máxima de:

a) Dun ano prorrogable por outro se persisten as circunstancias que a motivaron.
b) Dun ano prorrogable se persisten as circunstancias que a motivaron.
c) De seis meses prorrogables por unha duración igual se persisten as circunstancias que a motivaron.
d) Dun ano.

81.- De acordo co art. 8.1 do IV Convenio Colectivo Único da Xunta de Galicia, El acceso ás distintas categorías de persoal laboral fixo da Xunta de Galicia realizarase, tras logo de convocatoria pública realizada para o efecto, mediante:

a) Concurso.
b) Oposición.
c) Concurso-oposición.
d) Oposición ou concurso.

82.- Conforme o artigo 23.5 do Decreto Lexislativo 1/1999, o órgano competente para poder dispoñer a non liquidación de débedas, cando a súa execución resulte antieconómica é:

a) Ó Consello da Xunta.
b) Ó conselleiro de Economia e Facenda.
c) Á dirección xeral de Tributos.
d) A cada conselleiro respecto dos dereitos da propia consellería.

83.- Dacordo co artigo 49 do Decreto Lexislativo 1/1999, o estado de ingresos do orzamento da comunidade presenta unha clasificación:

a) Orgánica, económica e funcional por programas.
b) Organica e funcional por programas.
c) Funcional por programas e económica distinguindo entre operacións correntes e operacións de capital.
d) Ningunha e correcta.

84.- Segundo o artigo 37 da lei 47/2003, General Presupuestaria, o proxecto de lei de orzamentos xerais do Estado serán remitidos ás Cortes Generales antes do:

a) 15 de outubro do ano anterior ó que se refiran.
b) 30 de setembro do ano anterior ó que se refiran.
c) 1 de outubro do ano anterior ó que se refiran.
d) 20 de outubro do ano anterior ó que se refiran.

85.- Segundo o artigo 7.3 da lei 6/1997, ¿qué instrumento utilízase para establecer as unidades administrativas?:

a) Os programas de gastos.
b) Os programas de funcións.
c) Os programas de obxectivos.
d) As Relacións de Postos de Traballo.

86.- Segundo o artigo 19.2 da lei 6/1997, ¿por quen son nomeados ou cesados os Subdirectores Xerais?:

a) Polo Consejo de Ministros.
b) Polo Ministro ou o Secretario de Estado do que dependan.
c) Polo Director Xeral de quen dependan.
d) Polo Subsecretario de quen dependan.

87.- Segundo o artigo 100.2 da lei 7/2007, pola que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público, ¿de quen depende a Comisión de Coordinación do Emprego Público?:

a) Do Ministerio de Administracións Públicas.
b) Da Conferencia Sectorial de Administración Pública.
c) Da Comisión Sectorial de Administración Pública.
d) Ningunha das anteriores.

88.- Segundo o art. 33 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galicia, ¿cántos interventores pode nomear o representante de cada candidatura?

a) 2 para cada circunscrición.
b) 1 para cada mesa electoral.
c) 2 para cada mesa electoral.
d) 1 para cada circunscrición.

89.- Segundo o art. 41.1 e 2 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galcia, ¿ que requisitos haberá de reunir cada Administrador electoral ?

a) Maior de idade, pleno uso dos seus dereitos civís e políticos e concorrer como candidato.
b) Maior de idade, pleno uso dos seus dereitos civís e políticos e non incorrer en causa de incompatibilidade para o exercicio de cargos públicos.
c) Maior de idade ,y non incorrer en causa de incompatibilidade para o exercicio de cargos públicos.
d) Maior de idade, pleno uso dos seus dereitos civís e políticos e non concorrer como candidato.

90.- Segundo o art. 14 da Lei 8/1985, de eleccións ao Parlamento de Galcia, ¿cal é a composición da Xunta Electoral?

a) Presidente, e 8 vogais , un dos cales será Vicepresidente .
b) Presidente e 4 vogais.
c) Presidente, Vicepresidente e 4 vogais.
d) Presidente , Vicepresidente e 8 vogais.

91.- O nomeamento do secretario xeral do Consejo de Estado será proposto, de conformidade co artigo 10 da Lei orgánica 3/1980, de 22 de abril, do Consejo de Estado:

a) Pola Comisión Permanente.
b) Polo Presidente.
c) Polos Consellerios electivos.
d) Polos Consellerios natos.

92.- Segundo o artigo 16 da Lei orgánica 3/1980, de 22 de abril, do Consejo de Estado, o Consejo de Estado adoptará os acordos por:

a) Maioría simple de votos dos asistentes.
b) Maioría absoluta de votos dos asistentes.
c) Maioría de dous tercios de votos dos asistentes.
d) Unanimidade.

93.- Según o artigo 70 da Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, no acceso a bens e servizos, ningún contratante poderá indagar sobre a situación de embarazo dunha muller demandante dos mesmos:

a) Salvo por razóns de protección da súa saúde.
b) Salvo por razóns debidamente xustificadas.
c) En ningún caso.
d) Salvo causas excepcionais debidamente xustificadas.

94.- Segundo o artigo 43.1 da lei 47/2003, lei General Presupuestaria, nos orzamentos do Estado os créditos referentes os investimentos reais especificaranse:

a) A nivel de artigo.
b) A nivel de programa.
c) A nivel de concepto.
d) A nivel de capítulo.

95.- De acordo co artigo 52 da lei 47/2003, lei General Presupuestaria é falso que:

a) Non se poidan realizar transferencias de crédito dende créditos para operacións financeiras o resto de operacións.
b) Pódense realizar transferencias entre créditos de distintas seccións orzamentarias.
c) Non se poidan realizar transferencias dende creditos de operacións de capital para operacións correntes.
d) Se fose necesario pódense crear creditos orzamentarios novos.

96.- Segundo o artigo 1 da Lei 47/2003 General Presupuestaria, ésta ten por obxecto:

a) Ó rexime orzamentario do sector público.
b) Ó réxime economico-financeiro do sector público estatal.
c) a) e b) son correctas.
d) Todas son incorrectas.

97.- Conforme ao art 25.2 da Lei 6/1985, de 24 xuño, de regulación do Consello de Contas de Galicia, as Entidades Locais deberán emitir as contas de cada exercicio, directamente, ao Consello:

a) Antes do 31 de xullo do ano seguinte ao do final do exercicio.
b) Antes do 30 de setembro do ano seguinte ao do final do exercicio.
c) Antes do 31 de decembro do ano seguinte ao do final do exercicio.
d) No mes de setembro do ano seguinte ao do final do exercicio.

98.- De acordo coa Disposición Final da Lei 6/1985, de 24 xuño, de regulación do Consello de Contas de Galicia, o Consello de Contas elaborará un proxecto de normas de réxime interior que presentará ao Parlamento para a súa aprobación:

a) No termo de seis meses a partir da súa constitución.
b) No termo de tres meses a partir da súa constitución.
c) No termo dun ano a partir da súa constitución.
d) Ningunha das anteriores é correcta.

99.- Conforme a a Disposición Transitoria Primeira da Lei 6/1985 de 24 xuño, de regulación do Consello de Contas de Galicia, o Parlamento nomeará os membros do Consello de Contas de acordo co procedemento establecido no prazo de:

a) Seis meses dende a entrada en vigor desta Lei.
b) Un mes dende a entrada en vigor desta Lei.
c) 30 días dende a entrada en vigor desta Lei.
d) Tres meses dende a entrada en vigor desta Lei.

100.- A composición numérica das Mesas de Negociación dos funcionarios públicos para a negociación colectiva, segundo o artigo 35.4 da Lei 7/2007, polo que se aproba o Estatuto Básico do Empregado Público establecerase:

a) No propio Estatuto Básico do Empregado Público.
b) Nas normas de desenvolvemento do Estatuto Básico do Empregado Público.
c) Na lexislación de cada Comunidade Autónoma.
d) No Pacto ou Acordo do Estado.

101.- Segundo o Artigo 96.1.c) do Estatuto Básico do Empregado Público, polas faltas cometidas polo persoal laboral, poderánse impoñer as sancións seguintes:

a) Suspensión firme de funcións por un máximo de 5 anos.
b) Suspensión de emprego e soldo por un máximo de 3 anos.
c) Suspensión de soldo por un máximo de 6 anos.
d) Ningunha é correcta.

102.- Segundo o artigo 71.4 do Estatuto Básico do Empregado Público, ¿a quen lle corresponde impulsar a xestión integrada de recursos humanos?:

a) Ás Administracións Públicas.
b) Ao Ministerio de Administracións Públicas.
c) Á Comisión Sectorial de Administracións Públicas.
d) A ningunha das anteriores.

103.- Segundo a artigo 26.4 dá Lei 50/1997, do 27 de novembro de organización, competencia e funcionamento do Goberno, a actuación do Goberno é impugnable ante:

a) O Tribunal Constitucional.
b) A Xurisdicción Contencioso Administrativa.
c) A Sala do Contencioso Administrativo dá Audiencia Nacional.
d) A Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Supremo.

104.- Segundo o artigo 5.g) da Lei 50/1997, ¿cal das seguintes competencias corresponde ó Consejo de Ministros?:

a) Resolver os conflictos de atribucións que xurdan entre os distintos Ministerios.
b) Dispoñer a emisión de Débeda Pública ou contraer crédito, cando fose autorizado por unha lei.
c) Declarar o estado de sitio.
d) Ningunha das anteriores.

105.- Segundo o artigo 6.1 dá Lei 50/1997, a creación dás Comisións Delegadas do Goberno, será acordada polo Consejo de Ministros a proposta:

a) Da Comisión de Secretarios de Estado.
b) Do Ministro dá Presidencia.
c) Do Presidente do Goberno.
d) Non é necesario proposta algunha.

106.- De acordo co art. 15.1 do Real Decreto 429/1993, de 26 marzo, por o que se aproba o Regulamento do Procedemento da Administración sobre Responsabilidade Patrimonial, ao notificarse aos interesados o acordo de iniciación do procedemento abreviado se lles facilitará unha relación dos documentos obrantes no procedemento, co fin de que poidan obter copia dos que estimen convenientes, e se lles concederá un prazo para formular alegacións e presentar os documentos e xustificacións que estimen pertinentes, que será de:

a) Quince días.
b) Dez días, como máximo.
c) Vinte días.
d) Cinco días, como máximo.

107.- Segundo o art. 21.5 do Real Decreto 429/1993, concluído o trámite de audiencia do procedemento para a esixencia de responsabilidade patrimonial ás autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas, a proposta de resolución será formulada nun prazo de:

a) Cinco días como máximo.
b) Dez días como máximo.
c) Quince días como máximo.
d) Vinte días como máximo.

108.- Conforme ao art. 17.1 do Real Decreto 1398/1993, de 4 agosto, polo que se aproba o Regulamento de procedemento para exercicio de potestade sancionadora, recibidas as alegacións ou transcorrida o prazo sinalado no artigo 16, o órgano instrutor poderá acordar a apertura dun período de proba, de conformidade co previsto nos artigos 80 e 137.4 da Lei 30/1992 de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, por un prazo de:

a) Non superior a quince días.
b) Non superior a vinte días.
c) Non superior a dez días.
d) Ningunha das anteriores respostas é correcta.

109.- Remitido ao órgano competente polo órgano instrutor o procedemento simplificado regulado no Capítulo V do Real Decreto 1398/1993, conforme ao art. 24.4 do mesmo corpo legal, aquel ditará resolución no prazo de:

a) Dez días.
b) Tres días.
c) Cinco días.
d) Trinta días.

110.- Conforme ao art. 6.2 do Real Decreto 1398/1993, ¿canto tempo ten que transcorrer dende a data en que se iniciou o procedemento sen practicarse a notificación deste ao imputado, para que se proceda ao arquivo das actuacións?:

a) Tres meses.
b) Un mes.
c) Dous meses.
d) Seis meses.

111.- Ao abeiro do artigo 67.1 e 3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, se unha entidade local adopta un acordo que atente gravemente ao interese xeral de España, ¿quen está facultado para acordar a suspensión do mesmo e que prazo ten para proceder á súa impugnación ante a jurisdicción contencioso administrativa?:

a) O Delegado do Goberno e impugnalo no prazo de 10 días, dende a sua suspensión.
b) O Subdelegado do Goberno e impugnalo no prazo de 10 días, dende a sua suspensión.
c) O Delegado do Goberno e impugnalo no prazo de 15 días, dende a sua suspensión.
d) O Subdelegado do Goberno e impugnalo no prazo de 15 días, dende a sua suspensión.

112.- Dacordo co artigo 61.1 da Lei 7/1985, ¿Que requisito e indispensable para que o Consejo de Ministros proceda a disolución dos órganos das Corporacións Locais no suposto de xestión gravemente dañosa para os intereses xerais?:

a) Informe favorable do Consello de Goberno da Comunidade Autónoma correspondente.
b) Autorización do Congreso dos Deputados.
c) Acordo favorable do Senado.
d) Ningunha das anteriores.

113.- Indicar que actividade das descritas non está incluida entre as actividades exceptuadas do réxime de incompatibilidades da Lei 53/1984, do 26 de decembro, de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, segundo o seu artigo 19:

a) A participación en tribunais cualificadores de probas selectivas para ingreso nas Administracións Públicas.
b) As derivadas da administración do patrimonio persoal ou familiar.
c) A participación habitual en coloquios en programas en calquera medio de comunicación social.
d) A colaboración e a asistencia ocasional a congresos, seminarios, conferencias ou cursos de carácter profesional.

114.- Ao abeiro do artigo 14 dá Lei 53/1984, ¿a quen corresponde a proposta para adoptar a resolución do recoñecendo a compatibilidade ou declarando a incompatibilidade dun funcionario do Ministerio de Facenda?:

a) Ao Secretario Xeral Técnico.
b) Ao Subsecretario do departamento correspondente.
c) Ao Director Xeral de Persoal.
d) A ningún dos anteriores.

115.- Segundo o artigo 28 da lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do pobo de Galicia, os prexuízos materiais causados ós particulares que non promovesen a queixa, ó ser chamados a informar polo Valedor do Pobo de Galicia, serán compensados con cargo a:

a) O seu orzamento.
b) O seu orzamento unha vez xustificados debidamente.
c) Ao orzamento do Parlamento de Galicia.
d) Non serán compensados por tratarse a comparecencia dunha obriga.

116.- Segundo o artigo 32.2 da lei 6/1984, as Autoridades e funcionarios das Administracións Públicas, en relación coas advertencias, recomendacións e recordatorios dos seus deberes públicos que lle poida formular o Valedor do Pobo de Galicia, deberán responder:

a) Por escrito e no prazo de 3 meses.
b) Por escrito e no prazo de 10 días.
c) Sempre por escrito e no prazo de 15 días.
d) Sempre por escrito e no prazo dun mes.

117.- Segundo o artigo 19 dá Lei Orgánica 1/1981, de 6 de abril, polo que se aproba o Estatuto de Autonomía de Galicia A Xunta de Galicia poderá interpoñer recurso de inconstitucionalidade e acudir ante o Tribunal Constitucional:

a) Non poderá acudir.
b) Sí poderá acudir, pero interpoñer o recurso nos supostos e termos previstos na Constitución Española.
c) Nos termos previstos na Constitución Española.
d) Ademais de nos supostos e termos previstos na Constitución Española, nos da da Lei Orgánica do Tribunal Constitucional.

118.-Segundo o artigo 24 dá Lei Orgánica 1/1981, ¿a quen lle corresponde a iniciativa para a convocatoria de concursos e oposicións para cubrir as prazas vacantes en Galicia de Xuíces e Magistrados?:

a) Ao Consejo General del Poder Judicial.
b) Á Comunidade Autónoma.
c) Ao Conselleiro de Presidencia, Administración Pública e Juscticia.
d) Ao ministro de Xustiza.

119.-Segundo o artigo 40.1 da Lei Orgánica 1/1981, o Estatuto de Autonomía de Galicia establece que por lei de Galicia poderáse recoñecer como entidade local con personalidade xurídica a:

a) A Provincia.
b) O Municipio.
c) A Parroquia rural.
d) A Comarca.

120.-O artigo 48 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a iguladade de mulleres e homes, establece como medidas de prevención do acoso sexual:

a) A elaboración dunha declaración de principios.
b) O establecemento dun procedemento informal de solución.
c) As respostas a) e b) son correctas.
d) As respostas a) e b) son falsas.

PREGUNTAS RESERVA :

121.- Dacordo co art. 3.5 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, as Administracións Públicas actúan, nas súas relacións cos cidadáns, de conformidade cos principios de:

a) Boa fe e confianza lexítima.
b) Coordinación e cooperación.
c) Transparencia e participación.
d) Eficacia.

122.- As dotacións do Fondo de continxencia de execución orzamentaria regulado no artigo 50 de lei 47/2003 General Presupuestaria, serán destinadas únicamente ó financiamento, cando proceda de :

a) Todo tipo de modificacións orzamentarias, agás as xeracións de crédito.
b) As incorporacións de credito, os creditos extraordinarios e os suplementos de crédito .
c) As incorporacións de credito, os creditos extraordinarios, os suplementos de crédito e as ampliacións de crédito.
d) Ningunha resposta é correcta.

123.- Segundo o art. 165 do Regulamento do Parlamento de Galicia, ¿quen designa os senadores que representarán a Comunidade Autónoma Galega no Senado?:

a) O Pleno do Parlamento.
b) O Presidente do Parlamento de Galicia, a proposta dos grupos parlamentarios.
c) O Presidente do Parlamento de Galicia.
d) A Mesa, de acordo coa Xunta de Voceiros